

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DO ACORDO PLENARIO, SESIÓN DE 14/11/2017 RELATIVO A DEDICACIÓN, DOTACIÓN GRUPOS POLÍTICOS

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 14 de novembro de 2017, aprobou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Manter a favor dos membros da Corporación que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Alcalde	45.150,00 €

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos presupostos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Personal ao Servizo das Administracións Públicas. Tamén será incompatible coas asistenciais que se establecen no apartado terceiro.

SEGUNDO.— Establecer a favor dos membros da Corporación que desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación parcial, por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiren, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

CARGO	HORAS DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Concelleira delegada de Educación, Mercado, Persoal e Formación e Emprego.	22,5 HORAS	
SEMANAIS (Coeficiente parcialidade 60%)	14.553,00 €	
Concelleiro delegado de Vías e Obras, Parque Móbil, Limpeza e Alumeado	22,5 HORAS SEMANAIS (Coeficiente Parcialidade 60%)	14.553,00 €
Concelleiro delegado de Fomento (supervisión de proxectos), Seguridade e Mobilidade e Protección Civil.	32,25 HORAS SEMANAIS (Coeficiente Parcialidade 86%)	20.859,36 €



Xoves, 14 de decembro de 2017

Núm. 238

A percepción destas retribucións será incompatible coas asistencias que se establecen no apartado terceiro.

TERCEIRO.—Establecer a favor dos membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial o seguinte réxime de asistencias ós órganos colexiados:

- Por asistencia ás sesións do Pleno: 133,22 euros/sesión.
- Por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local: 133,22 euros/sesión.
- Por asistencia ás sesións das Comisións Informativas: 66,11 euros/sesión.

CUARTO.—Manter a dotación económica para os grupos políticos municipais establecida no acordo plenario de data 25/06/2015, en aplicación do art. 73.3 da LRBRL e co seguinte detalle:

- Compoñente fixo mensual: 150,25 € / grupo
- Compoñente variable mensual: 10 € / membro.

Ditas dotacións non poderán destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. O grupo político municipal deberá levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o presente apartado, nos termos do art. 73.3 da LRBRL, e conservar os correspondentes xustificantes.

QUINTO.—Consignar no correspondente orzamento municipal as cantidades derivadas das dedicacións exclusivas e parciais do presente acordo, asistencias a órganos colexiados e dotación económica para os grupos políticos municipais, sen que en ningún caso se podan adquirir compromisos de gastos por importe superior ós créditos autorizados.”

SEXTO.—Proceder á publicación deste acordo nos termos previstos no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.”

O que se fai público para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

